

Triste

Anxo Pastor

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

PASTOR, ANXO (2012 [2007]). “Triste”. *Faro de Vigo*, edición de Vilagarcía de Arousa. “A rama no aire. Folla de creación”: 104 (24 de agosto). Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.

<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1816>>.


2 | Por referencia á publicación orixinal

PASTOR, ANXO (2007). “Triste”. *Faro de Vigo*, edición de Vilagarcía de Arousa. “A rama no aire. Folla de creación”: 104 (24 de agosto).

* Edición dispoñíbel desde o 7 de febreiro de 2012 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.


A RAMA

no aire



FOLLA DE CREACIÓN • Nº 104

COORDINACIÓN: ANXO PASTOR




TRISTE

Anxo Pastor




Un muro
 Un patio sombrío
 O frenesí das formigas
 Unha porta tapiada
 Un misto
 Un rostro borroso detrás dunha ventá
 Os subliñados
 O número un
 As medallas bañadas en ouro
 O ciprés a saída do pobo
 As perchas
 O cheiro a verza fervida nos asilos
 Agosto
 Bernabé
 Os abaixo firmantes
 A hedra seca
 A cubertería de prata reservada
 A muller que come pan e le refuxiada nun armario
 Os peiraos sen barcos
 Un veciño invisible
 Unha luva
 As vías mortas
 Un homiño agardando pola neve
 Un poeta declamando...



Fortaleza Bastiani


[Dino Buzzati]

A area en suspenso...
 O pó filtrándose nas troneiras.
 Os ollos do capitán Drogo
 atados a unha lonxana sombra,
 de soño, de nada.




ESPERA

ANXO PASTOR (Vilardonas, Ribas de Sil, Lugo. 1959).
 Obra publicada: Os poemas da secta (Ed. Atlántico Express. Lugo, 1987); Arcana (Las voces mudas, El azul atado) (Edit. Novo Século, Iria Flavia, 1993); O cabalo económico (Edicións Tema. Lisboa, 1999); Sombra fértil (Espiral Maior, colección Illa Verde. 1999); Maleza (A Rama no aire, 2006); Triste (Libro de imaxes. Edición de autor, 2007); Dormientes (Edición de autor. Inédito)



Rodolphe Bresdin

Ramas e cabanas,
a suave man entre as follas
e o camiño cara á luz
Como nos charcos da infancia
O infinito no nome
secreto e amado



Paul Klee


Lixeiro reino
Repousando
en trevo

Erik Satie

Gotas caendo somnolentas
Din entre sabas
Para espertar
sempre hai tempo

Giovanni Papini

Irse...
Por antigos vales de papel,
por carreiros de tinta
Negra azulada



Románico

Este breve camiño
que nos leva a herba
Non presta atención o ceo
Fómonos
Para sempre quedarnos aquí
Como follas caídas

Vladimir Holan

A folla do álamo que cae...
ese vaso de viño
que alguén deixou na túa ausencia
O bramido do misterio
parpadeando na parede.

Dormentes

Croados de néboa e soño

dormen e dormen
os dormentes

Homiños...
nobelos na súa neve,

fráxiles follas
para abrazar máis aire.

